

XI CROSS POPULAR DO CONCELLO DE BOBORÁS (OURENSE)

ANO 2011

Data de celebración: Domingo 23 de xaneiro de 2.011

Hora: 10.30 horas

Organiza: Concello de Boborás

REGULAMENTO XERAL

1. A saída darase diante do CEIP Nosa Señora de xuvencos con horario distinto atendendo ás categorías:
 - Categoría 1: 10.30 h
 - Categoría 2 e 3: 10.45 h
 - Categoría 4 e 5 e Canicross: 11.15 h

A liña de meta para tódalas categorías será a mesma e estará situada pola parte traseira do CEIP Nosa Señora de Xuvencos.

2. Os participantes deberán de situase no punto de saída 10 minutos antes do comezo da súa correspondente proba, sen interferir nas anteriores.
3. Os participantes das categorías 4 e 5 deberán de inscribirse todos na páxina web www.championchipnorte.com, antes do día 21 de xaneiro ás 15.00 horas. Para as categorías menores (1, 2 e 3) a inscrición farase no correo electrónico cctma.boboras@hotmail.com ou persoándose no mesmo nas mesmas oficinas do Concello de Boborás. Deberán presentar os seguintes datos obrigatorios: Nome, Apelidos, Data de Nacemento completa, sexo, Localidade, Provincia, Teléfono de contacto, mail de contacto se ten, Clube se ten e se é federad@.

Para inscricións dos participantes de canicross, deberán facer en primeiro lugar a inscrición pola Web www.championchipnorte.com e seleccionar esa modalidade antes de finalizar o proceso de inscrición, e a continuación, deberán de enviar un fax ao número da organización 988402108 antes do día 20 ás 13.00 cos datos NIF, Nome, apelidos, data de nacemento completa, sexo, teléfono e mail de contacto, indicando que compiten en Canicross.

Se personalizarán co nome ou Nick do participante tódolos dorsais das inscricións feitas con anterioridade ao martes día 18 de Xaneiro.

Non se inscribirá a ningún atleta o día da proba nin por outros medios diferentes á páxina web.

4. Cada participante deberá de achegarse ao punto de entrega de dorsais e chips, situado no pavillón municipal, para recoller o seu con antelación suficiente cun mínimo de 30 minutos de antelación a disputa da proba. O chip deberá entregarse ao remate da proba, ao atravesar o arco de meta, evitando o seu deterioro ou extravío. O chip deberá atarse na zapatilla.
5. O percorrido total será de 8800 metros, os cales estarán sinalizados e controlados pola organización, diminuindo esta distancia segundo as categorías establecidas.
6. A clasificación será por categorías e haberá trofeos para os primeiros clasificados de cada unha delas, sendo un para home e outro para muller. Tamén haberá dous trofeos de honra para o atleta de máis idade que remate a proba, así como para o máis novo.
7. Tódolos participantes independentemente da categoría á que pertencen, no momento no que entreguen o seu Chip, recibirán unha camiseta técnica conmemorativa.
8. A organización contará coa colaboración dos organismos municipais e oficiais correspondentes.
9. Está prohibido o acompañamento dos participantes por persoas ou vehículos de axuda. O incumprimento desta norma implicará a descalificación inmediata do atleta.
10. O control de chegada pechará unha hora despois de que entre o primeiro participar.
11. A inscrición poderase realizar a partir do 10 de Xaneiro, na páxina web www.championchipnorte.com. Só haberá esta forma de inscrición excepto para os participantes de carreiras menos (1, 2 e 3) antes das 15.00 do día 20 segundo información anterior. Os participantes de Canicross deben seguir o procedemento de inscrición a maiores que se detalla anteriormente.

CATEGORIA	PARTICIPANTES INCLUIDOS	ANO DE NACEMENTO	PERCORRIDO	TROFEOS
1	* Pre-benxamíns * Benxamíns	2004 2003 e 2002	1500 metros	1º clasificado home 1º clasificado muller
2	* Alevíns * Infantís * Cadetes	2001 e 2000 1999 e 1998 1997 e 1996	4500 metros	1º clasificado home 1º clasificado muller
3	* Xuvenís * Juniors	1995 e 1994 1993 e 1992	4500 metros	1º clasificado home 1º clasificado muller
4	* Promesas * Seniors	1991,1990 e 1989 1998 ata 1956	8800 metros	1º clasificado home 1º clasificado muller
5	* Veteráns	1955 e anteriores	8800 metros	1º clasificado home 1º clasificado muller

Toda inscrición deberá incluír os datos seguintes: NIF, Nome e apelidos, data completa de nacementos, sexo, clube e número da federación (só para atletas federados). O coste da inscrición é para categorías 4, 5 e Canicross de 3€ máis 1€ de aluguer de chip para os/as que non sexan propietarios de chip amarelo ChampionChip. As categorías 1,2,3 a inscrición é gratuita.

A data límite de inscrición será o 20 de xaneiro ás 15.00 horas.

12. Os atletas inscritos poderán comprobar o listado de inscrición na web www.championchipnorte.com, inmediatamente ó finalizar correctamente o proceso de inscrición e a lista definitiva a partir do día 21 a s 15.00 horas, excepto os da modalidades 1, 2 e 3 que non aparecerán nos listados web e deberán comprobar a súa correcta inscrición antes das 15.00 horas do 21 coa organización.
13. Non se admitirá ningunha inscrición na que falten datos.
14. Cada atleta participante deberá de aboar a cantidade de 3 euros para as categorías 4 e 5, máis un euro polo chip para aqueles/as que non teñan chip amarelo Championchip en propiedade, mentres que nas categorías 1,2 e 3 será a inscrición será gratuíta..
15. A cada atleta entregaránselle un indicativos de cor en forma de pegatina atendendo á categoría á que pertence que deberá levar colocado próximo ao dorsal nunha zona visible, co fin de evitar extravíos ou confusións de percorrido: Categoría 1, indicativo verde. Categorias 2 e 3, indicativo azul. Categoría 4 e 5, indicativo amarelo.
16. Cada atleta ten o deber de realizar o percorrido correspondente, co fin de coñecelo, antes da data de proba. A organización facilitará as indicacións pertinentes a quen as solicite, e non se responsabilizará das perdas ou confusións nas rutas e outros problemas derivados.
17. A entrega de trofeos e medallas terá lugar no pavillón municipal (situado ao lado do CEIP Nosa Señora de Xuvencos) ás 13.30 h aproximadamente.
18. Ao remate da proba, tamén no pavillón municipal, haberá bocadillos, froita, chocolate e bebidas para tódolos participantes. Os participantes que o desexen tamén poderán ducharse e asearse.

INCLÚE PROBA DE LIGA GALEGA DE CANICROSS PUNTUABLE PARA O CAMPIONATO GALEGO

INFORMACIÓN DA PROBA:

Concello de Boborás (Rúa Cristóbal Colón, s/n -32514 Boborás- Ourense)

Tlf: 988402008